

DENOMINACIÓN		AXENDA 21: FERRAMENTA DE SOSTIBILIDADE			
DIRECTOR/A		Pedro Vega Marcote			
AÑO	2009	Nº DEHORAS	44	NºPARTICIPANTES	50
DATAS		28, 29 e 30 de setembro ao 1, 2, 16 e 17 de decembro			
CÓDIGO		EGE 02/09			

DESCRICIÓN

A necesidade de incorporar o medio ambiente na acción municipal e na vida comunitaria require a transferencia dos coñecementos necesarios aos actores políticos e técnicos implicados.

Coñecer, elaborar e levar á práctica a Axenda 21 Local, abordar as estratexias axeitadas axeitadas, prever as dificultades e coñecer a experiencia particular dos concellos que xa iniciaron ou implantaron as súas Axendas 21 ha de contribuir a que as entidades que se embarguen neste proxecto de sostibilidade avancen de xeito efectivo na consecución dun desenvolvemento local sostible.

OBXECTIVOS

XERAL

Dotar ao persoal técnico e político das entidades locais relacionado coa área de Medio Ambiente das ferramentas prácticas para o deseño e a posta en marcha en implantación da Axenda 21 Local.

ESPECIFICOS

Concienciar da capacidade e responsabilidade das autoridades municipais na xestión sostible e na salvagarda medioambiental.

Recoñecer a importancia da participación comunitaria no desenvolvemento local sostible.

Coñecer o modo de acceder á información pública a través do estudo da percepción social.

Recoñecer a importancia da Educación Ambiental e da Pegada Ecolóxica na xestión socioambiental municipal.

Contribuír a solucionar as dificultades particulares que xurdan no proceso de elaboración e implantación da Axenda 21 Local.

Establecer un foro de debate e estudo da situación da Axenda 21 Local en Galicia no marco da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade.

DESTINATARIOS

Persoal técnico e político da Administración Local, Provincial e Autonómica, profesionais e estudantes vinculados área de Medio Ambiente.

METODOLOXÍA

O desenvolvemento do curso basearase en sesións teórico-prácticas que se completa:

- A participación activa e cooperativa conducente un diálogo crítico sobre os aspectos máis relevantes das A21L.
- A reflexión sobre os problemas socioambientais dos concellos.
- A recondución da participación e a reflexión cara a concreción de estratexias e actuacións sostibles no marco da A21L.
- A execución do contrato (4 horas)

O curso estrutúrase en **2 módulos: Módulo I de 40 horas e Módulo II de 44 horas:**

- 12/16 horas presenciais de estudo das ferramentas para elaborar e levar á práctica a A21L e de análise de casos prácticos.
- 4 horas presenciais de intercambio de experiencias locais en A21L.
- 9 horas presenciais de seguimento dos procesos de A21L.
- 15 horas non presenciais para deseñar e implantar, se é o caso, as propostas de A21L.

TAXAS

Taxa xeral de 100 € cada módulo

O Persoal da Administración poderá ter unha bonificación do 50% ao final de cada módulo cumpridos os requisitos académicos e de asistencia mínima do 85% das horas presenciais.

Documentación necesario para a solicitude das bolsas EGAEL:

- **Curriculum**
- **Fotocopia DNI**
- **Fotocopia da última nómina**
- **Certificado do Secretario/a da entidade de estar traballando na Administración Local de Galicia**
- **Fotocopia da matrícula do curso.**
- **Nº de conta bancaria**
- **Oficio de solicitude da bolsa á FEGAMP.**

Esta documentación enviarase a:

FEGAMP

Rúa Varsovia, 4C-6ª Planta

Área Central – 15703

Santiago de Compostela

Telf.- 981 555 999

Fax.- 981 565 103

SEDE

Federación Galega de Municipios e Provincias.

PROGRAMA DO CURSO

Módulo II

1. Sesión 28 de setembro de 2009 (16:30 a 20:30 horas)

- O Plan de Acción Local: liñas estratéxicas e programas de actuación medioambiental.
- Estudo e debate de accións medioambientais

2. Sesión 29 de setembro de 2009 (16:30 a 20:30 horas)

- A declaración de Sostibilidade. Información e motivación para a participación activa da cidadanía.
- O consumo responsable: propostas prácticas individuais e institucionais.

3. Sesión 30 de setembro de 2009 (16:30 a 20:30 horas)

- O Plan de Seguimento: obxectivos.
- A Comisión de Seguimento: funcións e composición.
- Sistema de Xestión Ambiental no ámbito local.

4. Sesión 1 de outubro de 2009 (16:30 a 20:30 horas)

- Indicadores de sostibilidade:
 - Claves e características
 - Deseño e elaboración.
- Exemplificación e propostas de plans de seguimento e de indicadores.

5. Sesión 2 de outubro de 2009 (16:30 a 20:30 horas)

- Intercambio de experiencias en A21L: Curtis, Ourense e Burela.

6. Sesión 16 e 17 de decembro de 2009. (16:00 a 20:30 horas)

- Posta en común das guías de boas prácticas sostibles e das accións ambientais realizadas nos municipios.
- Exposición e debate das propostas de A21L.
- Reflexión e avaliación de todo o proceso de deseño e/ou implantación da A21L.

